



ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 21 DE SETEMBRO DE 2018

ASISTENTES:

Alcalde- Presidente:

D. José Luis Oujo Pouso.

Concelleiros:

D^a. María José Maneiro Quintáns.

D. José Manuel Deán Pouso.

D^a. M^a Magdalena Pérez Millares

Secretario:

D. José Manuel González García.

Na Alcaldía- Presidencia da **Casa do Concello** de Porto do Son, sendo as **09:15** horas do día **21 de setembro de 2018**, reúnese a Xunta de Goberno Local en **sesión extraordinaria**, baixo a presidencia do Alcalde- Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Xunta de Goberno Local está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Unha vez comprobada polo secretario a válida constitución da Xunta de Goberno Local, posto que asisten a maioría absoluta dos seus integrantes, o Sr. Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido, a Xunta de Goberno Local procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**, e que se relacionan a continuación:

1.- APROBACIÓN DE ACTAS.

1.1.- Acta do 31 de agosto de 2018.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.

2.1.- Comunicacions Previas.

3.- ACTIVIDADE DE FOMENTO.

3.1.- Aprobación da convocatoria e bases para a concesión de subvencións a clubs deportivos do Concello de Porto do Son. 2018.

4.- EXPEDIENTES DA ÁREA ECONÓMICA.

4.1.- Recoñecemento extraxudicial de crédito nº 33/2018.

4.2.- Recoñecemento extraxudicial de crédito nº 34/2018.

4.3.- Recoñecemento extraxudicial de crédito nº 36/2018.

4.4.- Modificación de prezos privados pola venda de artigos no Museo "Marea".

5.- ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓNS.



1. APROBACIÓN DE ACTAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **APROBA** a acta correspondente á sesión extraordinaria do 31 de agosto de 2018.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a adopción deste acordo de conformidade coa delegación de competencias efectuada mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño, imponse ás **licenzas e ás comunicacións previas urbanísticas**, as seguintes **condicións xerais**, de obrigado cumprimento:

1/ As licenzas outórgase **sen prexuízo de terceiros**, deixando a **salvo o dereito de propiedade** e doutras autorizacións administrativas, sen que se poida invocar a licenza para excluír ou dirimir a responsabilidade civil ou penal na que incorreran os beneficiarios no exercicio das súas actividades.

2/ No caso de ser imprescindible a **ocupación da vía pública**, debe obterse a preceptiva licenza municipal de ocupación de vía pública e, unha vez rematada a obra, deberán repoñerse os desperfectos que se causaran á vía.

3/ Faise advertencia expresa que na execución das obras deberán adoptarse as **medidas que en materia de seguridade e saúde no traballo** veñan esixidas pola normativa na materia en vigor, especialmente no Real Decreto 1627/1997, de 14 de marzo.

4/ **Finalizadas as obras** debe comunicarse ao concello esta circunstancia a fin de efectuar as comprobacións pertinentes, así como a **liquidación definitiva de tributos** e outorgamento das licenzas que procedan.

5/ **Prazo de execución**: a obra debe iniciarse no prazo máximo de 6 meses dende a notificación do outorgamento da licenza e deberá estar rematada no prazo máximo de 3 anos, a contar dende esa mesma data, non sendo posible interromper as obras por tempo superior a 6 meses.

No caso de tratarse de obras menores, o prazo non poderá exceder de 3 meses para o inicio e de 12 meses para o remate, non podendo interromperse por tempo superior a 6 meses.

6/ As obras deben realizarse coas debidas condicións de **seguridade e solidez**.

7/ En caso de perda de vixencia das **autorizacións sectoriais pertinentes** deberán renovarse non sendo posible a continuación das obras sen cumprir este trámite.

8/ Nas obras que se **executasen con inobservancia das condicións da licenza ou comunicación** serán sancionadas por **infracción urbanística** as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, así como os técnicos redactores do proxecto e directores das obras. Neste sentido, todo técnico, polo só feito de asinar unha solicitude de licenza de obra, declara coñecer as condicións que se esixen e a normativa urbanística aplicable ao Concello de Porto do Son, aceptando as responsabilidades que se deriven da súa aplicación.

Os arquitectos directores das obras son responsables mancomunadamente cos propietarios, das infraccións das normas urbanísticas sempre que ao advertir calquera circunstancia pola que se aparten das condicións en que se concedan as licenzas, non o comuniquen por escrito ao Concello.



9/ Será requisito indispensable en tódalas obras dispor ao pé da obra de **copia da licenza ou comunicación previa**, e **nas obras maiores do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, número de plantas autorizadas, prazo de execución das obras, data de outorgamento da licenza e o número de expediente.

10/ De ser oportuno, recórdase ao solicitante que antes do comezo das obras deberá solicitar ao Concello a **acta de comprobación de aliñacións**.

11/ No caso de obra maior, finalizadas as obras deberá solicitar a oportuna **licenza de primeira ocupación**, de conformidade co sinalado na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

12/ Debe darse cumprimento ao Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a **producción e xestión dos residuos de construción e demolición**. O artigo 4, relativo ás Obrigas do produtor de residuos de construción e demolición, apartado c, sinala: “*dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado, nos termos recollidos neste Real Decreto, e, en particular, no estudo de xestión de residuos na obra o nas súas modificacións. A documentación correspondente a cada ano natural deberá manterse durante os cinco anos seguintes.*”

13/ Debe respectarse o establecido no artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, isto é, as construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, polo que:

- A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración no entorno inmediato e na paisaxe.
- As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

2.1) **COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRA.**

2.1.1- Expediente nº 191/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada pola Comunidade de Propietarios Edificio As Basoñas o 31/08/2018 (r.e 5155) para realizar obras de “**impermeabilización da terraza**” do edificio situado na rúa Padre José López Calo, 4-6- Porto do Son, coa referencia catastral 9500351MH9390S0001M.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

| Base imponible ICIO (Orzamento execución material) | Tipo de gravame ICIO | Cota tributaria ICIO |
|---|----------------------|----------------------|
| 2.700,00 euros | 2% | 54,00 euros |

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.



CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.1.2- Expediente nº 192/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. A** o 31/08/2018 (r.e. 5164) para realizar obras de “**limpieza de tellado**” do inmovible situado na rúa Iglesia, 72 – Porto do Son, coa referencia catastral 0206805NH0300N0005RA.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

| Base imponible ICIO (Orzamento execución material) | Tipo de gravame ICIO | Cota tributaria ICIO |
|---|----------------------|--------------------------------|
| 450,00 euros | 2% | 30,05 euros (mínimo) |

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.1.3- Expediente nº 196/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J** o 03/09/2018 (r.e 5205) para realizar obras de “**pintado de fachada e limpeza de tellado**” do inmovible situado na rúa Camiño Novo, 20- Porto do Son, coa referencia catastral 9704105MH9390S1004JO.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

| Base imponible ICIO (Orzamento execución material) | Tipo de gravame ICIO | Cota tributaria ICIO |
|---|----------------------|----------------------|
| 5.520,00 euros | 2% | 110,40 euros |

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a



correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.1.4- Expediente nº 206/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D^a M** o 07/09/2018 (r.e. 5286) para realizar obras de “**peche de finca**” da parcela situada no lugar da Igrexa, s/n- San Pedro de Muro, coa referencia catastral 15072A031001660000PW

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

| Base imponible ICIO (Orzamento execución material) | Tipo de gravame ICIO | Cota tributaria ICIO |
|---|----------------------|----------------------|
| 5.991,00 euros | 2% | 119,82 euros |

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.1.5- Expediente nº 208/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada pola Comunidade de Propietarios Edf. O Horreo o 07/09/2018 (r.e. 5301) para realizar obras de “**impermeabilización de terrazas**” do inmovible situado na rúa Iglesia, 38- Porto do Son, e con referencia catastral 0206818NH0300N.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

| Base imponible ICIO (Orzamento execución material) | Tipo de gravame ICIO | Cota tributaria ICIO |
|---|----------------------|----------------------|
| 3.974,00 euros | 2% | 79,48 euros |



TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.1.6- Expediente nº 210/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. M** o 12/09/2018 (r.e. 5346) para realizar obras de “**retellado**” da vivenda situada no lugar de Balcunheiro, 1- Portosín, coa referencia catastral 4738601NH0343N000DR.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

| Base imponible ICIO (Orzamento execución material) | Tipo de gravame ICIO | Cota tributaria ICIO |
|---|----------------------|----------------------|
| 5.850,00 euros | 2% | 117,00 euros |

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.1.7- Expediente nº 212/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada pola Comunidade do Edificio Praza do Curro o 14/09/2018 (r.e. 5405) para realizar obras de “**pintado de patio interior e colocación de canalóns**” do inmovible situado na Praza do Curro, 7- Portosín, coa referencia catastral 4342017NH0344S0001YU.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:



| Base imponible ICIO (Orzamento execución material) | Tipo de gravame ICIO | Cota tributaria ICIO |
|---|----------------------|----------------------|
| 1.832,00 euros | 2% | 36,64 euros |

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.1.8- Expediente nº 214/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. Edelmiro Suárez Pouso o 14/09/2018 (r.e. 5419) para realizar “**tala de árbores dentro de núcleo rural**” da parcela situada no lugar de Eiravedra, 35 – Goiáns, coa referencia catastral 15072A001002090000PS.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.1.10- Expediente nº 215/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. A** o 14/09/2018 (r.e. 5422) para realizar obras de “**retellado de cuberta e impermeabilización de cheminea**” da vivenda situada en Eiravedra, 7- Goiáns, coa referencia catastral 3927704NH0332N0001XU.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

| Base imponible ICIO (Orzamento execución material) | Tipo de gravame ICIO | Cota tributaria ICIO |
|---|----------------------|----------------------|
| 4.600,00 euros | 2% | 92,00 euros |

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.



CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

3. ACTIVIDADE DE FOMENTO.

3.1) APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE PORTO DO SON. 2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

Visto que nos Orzamentos Xerais do concello para o exercicio 2018 se preveu crédito orzamentario adecuado e suficiente para o outorgamento de subvencións a clubs deportivos de Porto do Son, destinadas a financiar os gastos ocasionados pola promoción de actividades deportivas, polo que resulta procedente aprobar a convocatoria das axudas.

Vista proposta de convocatoria e bases reguladoras presentada pola Concellería Delegada de Cultura, Deporte, Turismo e Relacións Veciñais, que foi fiscalizada de xeito favorable pola Intervención Municipal.

Considerando o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nas Bases de Execución dos Orzamentos para 2016.

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a convocatoria e as Bases para a concesión de subvencións a clubs deportivos do Concello de Porto do Son, que son do seguinte teor literal:

“BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE PORTO DO SON.

PRIMEIRA. OBXECTO.

1.- É obxecto das presentes bases regular as normas polas cales se rexerá a concesión en concorrencia competitiva de subvención aos clubs deportivos deste Concello para sufragar parte dos gastos que lles ocasione a promoción en actividades deportivas de interese municipal e a participación en competicións deportivas durante a tempada 2017- 2018.

2.- Son gastos subvencionables os realizados entre 01/09/2017 e o 01/09/2018 do seguinte tipo:

- Organización de competicións deportivas federadas.*
- Fichas federativas.*
- Inscripción en competicións.*
- Gastos de funcionamento dos clubs.*

En ningún caso o seu custo poderá ser superior ao valor de mercado.

Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención abónaos efectivamente. En ningún caso considéranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.



3.- Non son gastos subvencionables a realización do obras, a adquisición de bens inventariables, os intereses debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas ou penais nin os gastos de procedementos xudiciais.

Tampouco serán subvencionables os gastos correspondentes a actividades para as que o Concello de Porto do Son xa tivese outorgado outras axudas.

SEGUNDA. CONTÍA DAS SUBVENCIÓNS E APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

A contía global para as subvencións reguladas nestas bases será de 10.000 euros, financiándose con cargo ao crédito orzamentario consignado na partida 341.48900 do orzamento municipal vixente.

Este importe será repartido entre os beneficiarios segundo os criterios que se establecen na base sexta, sen que a concesión implique para os beneficiarios dereito ningún para anos posteriores.

TERCEIRA. BENEFICIARIOS.

1.- Poderán solicitar as axudas reguladas pola presente convocatoria as asociacións e entidades deportivas sen ánimo de lucro validamente constituídas, con domicilio social no Concello de Porto do Son e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións que se atopen nalgún dos seguintes supostos:

- a) Que realicen actividades de interese municipal e certifiquen un mínimo de 20 deportistas federados, dos cales o 75% residan en Porto do Son. Para estes efectos computaranse as licenzas escolares (Programa Xogade de Deporte en Idade Escolar da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia) e os socios ou membros de clubs participantes en actividades non regradas ou non federadas.
- b) Que permitan a participación na súa actividade a nenos fillos de socios e non socios.
- c) Que participen como mínimo no 50% dos eventos federados e non federados nos que están inscritos.
- d) Que desenvolvan a súa actividade como mínimo durante 10 meses ó ano, con períodos de adestramentos, adestradores e horarios de adestramentos fixos e semanais.
- e) Que teñan actividades de deporte base ou de competición federada en ditas categorías.
- f) Non ter sido expulsado da competición por sanción en todas as categorías ou darse de baixa na competición en todas as categorías.

2.- Ademais das condicións detalladas no parágrafo anterior deberán:

- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Porto do Son.
- Atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Non atoparse incursas en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

CUARTA. SOLICITUDE.

1.- O procedemento de concesión das subvencións iniciarase a solicitude dos interesado, axustada ao modelo previsto no **anexo I**, acompañado da documentación complementaria correspondente.

2.- As solicitudes de outorgamento de subvencións presentaranse no Rexistro Municipal, durante un prazo de 15 días hábiles desde publicación no BOP da convocatoria e as bases.

A Xunta de Goberno Local poderá ampliar o prazo para a presentación de solicitudes por motivos xustificadas. Así mesmo, poderá aprobar novas convocatorias destas axudas ata esgotar o crédito orzamentario consignado.

3.- Documentación a presentar coas solicitudes:



A.- Documentación de carácter xeral:

1. *Certificación expedida polo secretario ou cargo habilitado do club acreditativa da representación que ostenta o asinante da solicitude.*
2. *Copia do DNI do asinante da solicitude.*
3. *Certificación ou informe da federación deportiva correspondente indicando que o club se atopa na actualidade de alta e con actividade propia.*
4. *Documento expedido por unha entidade bancaria designando a conta para o ingreso da subvención, no caso de outorgarse.*

B.- Documentación xustificativa para avaliar e ponderar a contía da subvención:

1. *Certificación ou informe da federación deportiva na que conste o número de fichas federativas ou, no seu caso, documento de inscrición no Programa Xogade de Deporte en Idade Escolar da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia expedidas na tempada xa rematada e por categorías.*
2. *Certificación ou informe da federación deportiva na que conste a categoría na que militaron os distintos equipos da entidade durante a tempada xa rematada.*
3. *Listaxe de inscrición da actividade non regrada/ federada coa adxunto do xustificante de pago da inscrición por participante/actividade.*
4. *Certificación expedida polo club indicando o número de adestradores titulados que imparten adestramentos nas distintas categorías, e copia dos seus títulos.*
5. *Memoria deportiva, segundo o modelo do **anexo 2** das bases.*
6. *Memoria económica, segundo o modelo do **anexo 3** das bases.*
7. *Outros datos que o solicitante xulgue de interese para xustificar o cumprimento dos requisitos para ter a condición de beneficiario das axudas.*

4.- Para o caso de advertirse defectos, erros ou ausencia de documentación nas solicitudes, requirirase ao solicitante para a súa subsanación de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

QUINTA. ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO.

1.- A instrución do procedemento corresponderalle ao Departamento de Cultura, Deportes e Festexos ou, carecendo de medios humanos, a un traballador doutra área relacionada.

*2.- A comisión de valoración das solicitudes formulará a proposta de concesión das subvencións, de acordo cos criterios establecidos para o seu outorgamento que se detallan na **base sexta**.*

A comisión de valoración estará integrada por:

- a) *Presidente: O Concelleiro Delegado de Cultura e Deportes.*
- b) *Vogais:*
 - *O técnico de deportes.*
 - *O animador deportivo.*
- c) *Secretario: un funcionario do concello.*

3.- Correspóndelle á Alcaldía a resolución do procedemento, á vista da proposta da comisión avaliadora.

SEXTA. CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES.

A comisión de valoración emitirá un informe de avaliación das seguindo os criterios que a continuación se sinalan:



1.- O reparto de puntos realizarase atendendo o número de equipos federados ou en competición do programa Xogade segundo a categoría e ao número de fichas federadas ou en competición en programa Xogade dentro de cada categoría, así como o número de socios participantes en actividade non regrada/non federada. Con este reparto de puntos inténtase premiar aos clubs con maior deporte base.

1. Os equipos puntúanse segundo a súa categoría e zona onde compitan segundo o baremo seguinte:

| Competición/Categoría | ZONAL | PROVINCIAL | AUTONÓMICO |
|-----------------------|-------|------------|------------|
| BENXAMÍN | 2 | 3 | 4 |
| ALEVÍN | 2 | 3 | 4 |
| INFANTIL | 4 | 5 | 6 |
| CADETE | 4 | 5 | 6 |
| XUVENIL | 4 | 5 | 6 |
| SENIOR | 3 | 4 | 5 |

2. As fichas e participantes de actividade non federada/non regrada puntúanse segundo a categoría e a zona onde compitan co baremo seguinte para categoría masculina, e cun 0,2 a maiores para categoría feminina

| Competición/Ficha | ZONAL | PROVINCIAL | AUTONÓMICO |
|-------------------|-------|------------|------------|
| PREBENXAMÍN | 0,3 | 0,3 | 0,3 |
| BENXAMÍN | 0,3 | 0,4 | 0,5 |
| ALEVÍN | 0,3 | 0,4 | 0,5 |
| INFANTIL | 0,5 | 0,6 | 0,7 |
| CADETE | 0,5 | 0,6 | 0,7 |
| XUVENIL | 0,5 | 0,6 | 0,7 |
| SENIOR | 0,4 | 0,5 | 0,7 |
| VETERÁN | 0,4 | 0,5 | 0,7 |

| Actividade non federada/non regrada | |
|-------------------------------------|-----|
| PREBENXAMÍN | 0,2 |
| BENXAMÍN | 0,2 |
| ALEVÍN | 0,2 |
| INFANTIL | 0,2 |
| CADETE | 0,2 |
| XUVENIL | 0,2 |
| SENIOR | 0,2 |
| VETERÁN | 0,2 |

2.- Aqueles clubs que teñan adestradores titulados que dirixan equipos, independentemente da categoría, e o acrediten coa copia do título oficial, seranlle outorgados 2 puntos por cada adestrador titulado sen que o número máximo de adestradores poida ser maior que o número de equipos do club.

3.- Non se outorgará puntuación polas categorías nas que o club fose sancionado coa expulsión da competición ou a se dese de baixa.

4.- A puntuación final virá dada pola suma da obtida polo solicitante nos diferentes apartados.

SÉTIMA. RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

1.- A Alcaldía, a proposta da comisión de valoración e previo o informe de fiscalización da Intervención municipal, resolverá sobre a concesión das subvencións.

2.- O importe da subvención outorgada non superará o 18% do total da consignación orzamentaria e, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutros



organismos públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver pola entidade beneficiaria.

3.- A resolución de concesión notificarase aos interesados, de acordo co previsto na normativa reguladora do procedemento administrativo común. A falla de notificación expresa entenderase que ten carácter desestimatorio da solicitude. Cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía igual ou superior a 3.000,00 euros publicaranse no BOP.

4.- A resolución de concesión porá fin á vía administrativa, podendo interpor ante o órgano competente, recurso potestativo de reposición, ou recurso contencioso- administrativo. A relación de beneficiarios será publicada no taboleiro de anuncios, previo anuncio de dita exposición no BOP, nos termos do artigo 11 da presente ordenanza.

OITAVA.- REFORMULACIÓN DE SOLICITUDES.

1.- De acordo co establecido no art. 27 da Lei xeral de subvencións e no 61 do seu regulamento, a reformulación de solicitudes realizarase de forma automática, de xeito que, se o importe da subvención é inferior ao solicitado polo beneficiario, o orzamento subvencionado que deberá ser xustificado posteriormente, determinarase dividindo a contía da subvención concedida polo coeficiente de financiamento.

2.- A solicitude razoada do beneficiario da subvención, poderá autorizarse a reformulación da solicitude inicial, mediante o cambio dos obxectivos ou conceptos concretos que se detallan na memoria ou orzamento da solicitude, sempre que se manteña a finalidade da subvención.

Esta solicitude será resolta polo órgano competente para o outorgamento da subvención, a proposta da comisión de valoración.

A comisión de valoración deberá ter en conta as seguintes regras na elaboración da súa proposta:

- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao orzamento subvencionado inicial, manteranse as mesmas condicións da subvención outorgada.*
- Se o orzamento da nova actividade é inferior ao orzamento subvencionado inicial, a comisión de valoración determinará o novo importe da subvención e o novo orzamento subvencionado.*

NOVENA. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

1.- Os beneficiarios da subvencións están obrigados a:

- Realizar as actividades que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización.*
- Xustificar o cumprimento dos requisitos, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.*
- Destinar a subvención exclusivamente aos fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración do destino non autorizada polo Concello.*
- Someterse ás actuacións de comprobación do Concello da efectiva realización das actividades para as que se concede a subvención.*
- Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións ou recursos públicos e/ou privados que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*
- Facilitar canta información sexa requirida polo Concello, polo Tribunal de Contas ou a Intervención municipal.*
- Acreditar que está ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello, das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, situación a primeira que se apreciará de oficio por este Concello.*



Poderase simplificar a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante a presentación dunha declaración responsable, cando a contía outorgada a cada beneficiario non supere na convocatoria 3.000 euros, tal e como se establece no artigo 24 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

- *Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.*
- *Cumprir con calquera outra obriga reflectida no artigo 14 da Lei xeral de subvencións.*
- *Os beneficiarios de subvencións deberán darlle publicidade á colaboración municipal incluíndo no chándal e/ou camiseta de competición o escudo do Concello de Porto do Son.*

De non ser posible a anterior opción, deberán colocar un cartel nun lugar visible das dependenzas do club no que figure o escudo do Concello de Porto do Son e a lenda “Subvencións a clubs deportivos do Concello de Porto do Son. Ano 2018”. Tamén deberán inserir na web do club un “banner” co mesmo deseño e realizar unha publicación idéntica nas redes sociais.

En caso de dispoñer de transporte, club deberá colocar no vehículo incluír un adhesivo co escudo do Concello de Porto do Son.

2.- O incumprimento dalgunha destas obrigas ou a falsidade dos datos achegados coa solicitude poderán dar lugar á suspensión do pago da subvención ou ao seu reintegro.

DÉCIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS CANTIDADES SUBVENCIONADAS

1.- O importe da subvención anual deberá xustificarse antes do 1 de novembro do ano en curso.

2.- A xustificación da subvención realizarase coa presentación da seguinte documentación:

- A. *Declaración responsable acredite o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que foi concedida, indicando cada unha delas e o custo e as facturas pagadas (**anexo 4** das bases).*
- B. *Declaración responsable detallando as axudas, subvencións ou ingresos obtidos para o financiamento da actividade (outras subvencións, patrocinios, cotas de socios ou de inscrición en actividades, venda de material a socios ou participantes nas actividades, etc) e acreditación de que a súa suma non superou o importe total dos gastos (**anexo 5** das bases).*
- C. *Declaración responsable de que o beneficiario está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social (**anexo 4** das bases).*
- D. *Documentación xustificativa dos gastos declarados:*
 - 1. *Conta xustificativa comprensiva con detalle da totalidade das partidas de gasto e dos ingresos que as financian (**anexo 5** das bases).*
 - 2. *Nóminas e documentos TC1 e TC2 da Seguridade Social, xustificativas dos gastos de persoal.*
 - 3. *Documentos xustificativos dos gastos realizados:*
 - *Facturas, orixinais ou compulsadas, que cumpran os requisitos esixidos pola normativa de facturación.*

O IVE será subvencionable cando teña a consideración de gasto por non ser susceptible de recuperación.

Nos pagos feitos a profesionais por servizos prestados deberá constar na factura a retención feita en concepto de IRPF.
 - *Naqueles supostos en que a natureza da actividade subvencionada e os gastos que xere o fagan aconsellable, poderase admitir, de xeito excepcional, como xustificante calquera outro documento válido en dereito que acredite a realización da actividade obxecto da subvención e a aplicación dos fondos recibidos.*



